



LISTA DE ASISTENTES

Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Cid Fernández, Xosé Manuel
 Cidrás Pidre, José
 Corbacho Suso, Patricia
 Costas González, Xosé Enrique
 De Oca Cancela, Guillermo
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Durany Castrillo, José
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fandiño Alonso, Xaime
 Fernández Álvarez, Antón
 Fernández Saborido, Anxo Manuel
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gil Villanueva, José M^a
 Gómez Gude, Jorge Juan
 González Piñeiro, Luis
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Legido Soto, José Luis
 Martínez Cobas, Xavier
 Mato de La Iglesia, Salustiano
 Mazaira Castro, Andrés
 Meijón Couselo, Guillermo Antonio
 Membiela Iglesia, Pedro
 Méndez Franco, Óscar
 Pajares Domínguez, Sergio
 Pérez Castrillo, Lois
 Pita Grandal, Ana M^a
 Pousada Carballo, José M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel
 Rodríguez Berrocal, Fco.Javier
 Rodríguez Fuentes, Gustavo
 Rubiños López, J. Óscar
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Troncoso Durán, Dolores
 Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique
 Vázquez López, Ezequiel M.
 Viso Alonso, Augusto

Desculpa asistencia:

Gueimonde Canto, Ana Isabel

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 27 de xaneiro de dous mil cinco, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O xoves, día 27 de xaneiro de 2005, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2004.
 2. Informe do reitor.
 3. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios fin de carreira.
 4. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento.
 5. Convocatoria de axudas de Extensión Universitaria
 6. Presentación do documento sobre o novo calendario escolar.
 7. Asuntos de profesorado: solicitude de comisión de servizos
 8. Aprobación, se procede, do máster: especialista en viticultura e enoloxía
 9. Aprobación, se procede, da posta en marcha do curso de nivelación para educadores sociais.
10. Aprobación, se procede, da proposta de modificacións parciais da R.P.T. de funcionarios
 11. Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polos seguintes alumnos: Dna. M^a del Mar Collazo Fernández, Dna. M^a del Mar Domínguez Martínez, D. Santiago Fernández Sánchez, Dna. Begoña García Dinís, Dna. Montserrat Gil Pequeira, D. Arturo González García, Dna. Nieves Lara Pintos, Dna. Beatriz Prieto Comesaña, Dna. Yolanda Rilo Arteaga, Dna. M^a Paz Salgado Blanco, Dna. M^a del Carmen Vázquez Fragueiro (alumnos da E.U. de Estudos Empresariais), e D. Marcos Vilar González (alumno da Facultade de Bioloxía).
 12. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de ciencias da educación de Ourense e do Regulamento de organización e funcionamento do Departamento de dereito público.
 13. Aprobación, se procede, da proposta de Regulamento do arquivo universitario.

14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre as universidades de Vigo, Complutense de Madrid, Barcelona, Extremadura e Pablo de Olavide para a creación dun centro de diagnóstico e modelización do clima – Convenio de cooperación entre as universidades de Extremadura, Oviedo, Santiago de Compostela e Vigo para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario – Convenio de cooperación entre a Universidade Federal do Paraná e a Universidade de Vigo.- Convenio de colaboración entre a Universidade Nacional de Misiones (Arxentina) e a Universidade de Vigo – Convenio específico de colaboración entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario.
15. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (2 estudantes), Comisión de organización académica e profesorado (1 estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes) e Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI).
16. Elección de representantes no Consello social: 1 estudante.
17. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2004.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- da publicación no BOE dos decretos de grao e posgrao.
- Do acordo da última sesión do Consejo de coordinación universitaria de facer unha primeira aproximación ao novo catálogo de títulos coa intención de que estea listo para primeiros de maio.
- Da saída, probablemente en febreiro, dunha convocatoria para o impulso do EEES por parte da Dirección General de Universidades. É unha convocatoria para as universidades na que se vai apoiar a todos aqueles primeiros cursos onde todos os profesores e todos os estudantes estean dispostos a comezar unha experiencia piloto.
- Da aprobación no último Consello de campus de Ourense da construción dunha piscina cuberta, por ese motivo informa ao Consello de Goberno de que se vai proceder á cesión dunha parcela a CUSA para o seu comezo. Esta cesión formalizarase no Consello Social que é o órgano colexiado que ten que aprobala.
- En relación co que saíu na prensa estes días sobre a petición da integración na universidade dunha serie de escolas adscritas, o reitor informa de que a posición da universidade segue sendo a mesma que ata agora.
- Sobre a implantación do quinto curso da titulación de Tradución e interpretación informa de que se está tratando a todas as titulacións dentro da normativa xeral da universidade aínda que con certa flexibilidade que permita algunhas diferenciacións específicas.

Se se compara o número de créditos implantados entre titulacións que teñen unha certa analogía e cun número de entrada de alumnos similar á de Tradución e interpretación, o mellor exemplo é a titulación de Belas Artes na que o número total en créditos implantados é arredor dos 1050.

A proposta de créditos a implantar en Tradución e interpretación coa que está traballando o equipo reitoral aproxímase á de Belas artes, polo que se está intentando favorecer a esta titulación, pero en ningún caso vaise aceptar que unha titulación teña o privilexio de que se implanten todos os créditos que figuren no seu plan de estudos.

- Remata informando do nomeamento de Dona M^a Carmen Cabeza Pereira como Directora do Centro de linguas e da invitación a asistir a este consello, con voz pero sen voto, do Comisionado para o EEES e do Presidente da xunta de PAS funcionario aos puntos 6 e 10 respectivamente.

A continuación o vicerreitor de planificación informa sobre o mandato do derradeiro Consello de goberno no que se comprometía a estudar a posibilidade de dar unha solución singular máis flexible aos fondos de ingresos para contratos externos dos departamentos. A solución consiste en aplicar á partida contable 641.01 de produción científica a mesma solución extraordinaria contemplada no artigo 6 das normas de execución do orzamento (con memoria xustificativa) que supón a incorporación por un ano máis.

Punto 3.- Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios fin de carreira.

A secretaria xeral informa de que todas as propostas remitidas polos tribunais nomeados para estes efectos se axustan á normativa vixente de premios extraordinarios Fin de Carreira agás a proposta do tribunal para premios extraordinarios na licenciatura en Química que propón conceder dous premios aínda que soamente lle corresponde un, xa que o número de entrada de alumnos é inferior a 200. A xustificación é que hai dúas candidatas coa mesma nota media, polo que non é fácil tomar a decisión por unha delas.

Apróbase por asentimento a proposta feita por todos os tribunais. (Anexo I)

Punto 4.- Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento.

O vicerreitor de investigación informa de que a comisión de doutoramento ratificou os premios propostos polos tribunais dos ámbitos científico, tecnolóxico e xurídico-social e respecto á proposta do ámbito humanístico de deixalo deserto fixo unhas consideracións sobre os criterios empregados por este tribunal.

Dado que non hai posibilidade de reclamacións ata que se fai pública esta proposta no Consello de Goberno, o reitor propón aprobar as propostas dos tres ámbitos (científico, tecnolóxico e xurídico-social) e facer pública a proposta de deixar os premios desertos no ámbito humanístico, deixando en suspenso a aprobación da mesma por se hai reclamacións, nese caso volvería a traerse ao Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento a proposta neses termos. (Anexo II)

Intervén o profesor Domínguez como membro da comisión do ámbito humanístico para facer un rogo e unha aclaración.

En primeiro lugar roga que, para a próxima convocatoria a comisión de doutoramento non propoña como membros do tribunal a doutores que formaron parte de tribunais que xulgaron no seu día unha tese de doutoramento que se presenta a premio extraordinario.

En segundo lugar, e en relación cos criterios, di que ás comisións non se lles deu ningún tipo de norma polo que considera que cada unha tiña discrecionalidade absoluta e que por tanto non se pode argumentar que os criterios aplicados nas distintas comisións foron diferentes.

O profesor Legido di que como o Departamento de física aplicada está no ámbito tecnolóxico pero o título de doutor sae tamén polo ámbito científico roga que este departamento teña tamén algún representante no tribunal do ámbito científico.

O reitor propón trasladar os dous rogos ao presidente da Comisión de doutoramento.

Punto 5.- Convocatoria de axudas de Extensión Universitaria.

O vicerreitor de extensión universitaria e estudantes informa da convocatoria incidindo principalmente nas diferencias que presenta en relación coa do ano pasado.

Apróbase por asentimento. (Anexo III)

Punto 6.- Presentación do documento sobre o novo calendario escolar.

O reitor aclara que se trae este documento a este Consello de goberno en cumprimento do compromiso que había de traer un documento sobre o novo calendario escolar, pero que a idea é soamente de presentalo e non de debatelo. Informa de que as universidades de Santiago de Compostela e A Coruña están á espera de que se lles mande unha copia do mesmo. Así mesmo fíxose outro modelo en castelán para repartilo no Consejo de rectores. A Consellería de educación tamén manifestou ser favorable a este tema.

O Comisionado para o EEES fai a presentación do documento (Anexo IV) e sinala que se trata de que o período docente teña unha continuidade o que facilita os procesos de formación e avaliación continua, racionalízanse os períodos docentes de xeito que os dous cuatrimestres estean compensados e garánteselle aos estudantes un período estival de vacacións.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O señor Pajares di que este documento repercute na xestión dos centros e afecta á organización do traballo do PAS funcionario e laboral, polo que considera se debe estudar con detenemento.

O reitor cre que quizais o primeiro será ver se isto é bo para a universidade e, nese caso, será o traballo do persoal o que se debe organizar e adaptar ao novo calendario.

O profesor Ramos felicita ao reitor por haber iniciado este debate, está de acordo co cambio pero considera que debe facerse coordinado coas outras dúas universidades e coa consellería, e sempre que se faga así manifesta o seu apoio. Sinala que o que menos lle gusta da proposta é a convocatoria extraordinaria de decembro.

O reitor di que nesta universidade temos unha situación de exames un pouco especial pero que de entrada prometéuselles aos estudantes que non se ía facer nada que prexudicase os seus intereses, é moi probable que dentro dalgúns anos xa non sexa necesaria esa convocatoria, pero de momento hai que seguir traballando co que hai. En principio colocouse esa convocatoria no primeiro cuatrimestre xa que así quedaría simétrico co segundo cuatrimestre, pero evidentemente queda a debate a súa ubicación.

O profesor Ramos di que se o obxectivo é que haxa tres convocatorias mellor é facer coincidir que todas as materias teñan exames en xaneiro, maio e xullo.

O profesor Durany di que a experiencia de ter unha convocatoria de exames en período lectivo é nefasta e comparte a idea do profesor Ramos.

O reitor di que coincide con esa análise pero que o tema desa convocatoria extraordinaria hai que discutilo cos estudantes.

A señora Corbacho pide desligar a convocatoria fin de carreira da convocatoria extraordinaria de decembro e roga que ao próximo Consello de Goberno se traia a análise do que significou o concentrar os exames de decembro nunha semana (cántos centros tiveron que solicitar ampliar o prazo, se aumentou o nivel de aprobados, etc.).

Punto 7.- Asuntos de profesorado: solicitude de comisión de servizos.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa da solicitude dunha comisión de servizos por un ano (a partir do 1 de abril de 2005) para a incorporación do profesor da área de Ecoloxía, D. Emilio Marañón Sanz, como investigador no CNRS. O informe da COAP é favorable.

Apróbase por asentimento.

Punto 8.- Aprobación, se procede, do máster: especialista en viticultura e enoloxía

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente informa de que o máster cuxa aprobación se propón ten o informe favorable da COAP e soamente está pendente da aprobación das taxas polo Consello Social.

A señora Corbacho solicita que se realice votación.

Sométese o punto a votación:

Votos a favor da aprobación do máster	30
Votos en contra.....	0
Abstencións	2

Queda aprobado o máster de “Especialista en viticultura e enoloxía”.

Punto 9.- Aprobación, se procede, da posta en marcha do curso de nivelación para educadores sociais.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa do R.D. 168/2004 de 30 de xaneiro (BOE do 13 de febreiro) polo que se regulan as condicións para a declaración da equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título oficial de Diplomado en educación social e da Orde ECI/3296/2004, pola que se establece o curso de nivelación de coñecementos previstos no devandito R.D.

Solicita ao Consello de Goberno o consentimento para a posta en marcha deste curso de nivelación e así poder sacar a convocatoria de matrícula para o mes de febreiro. Aclara que non ten implicacións presupostarias.

Apróbase por asentimento.

Punto 10.- Aprobación, se procede, da proposta de modificacións parciais da R.P.T. de funcionarios.

O Sr. Xerente informa de que hai dúas propostas de modificación.

A primeira fai relación á modificación de niveis dun conxunto de postos de traballo e trátase de homologar estes niveis aos doutras universidades. (ver Anexo V)

A segunda consiste na creación dunha xefatura de negociado de xestión de persoal no servizo de persoal, nóminas e seguros sociais ao mesmo tempo que se propón a extinción do posto da RPT denominado xefe do negociado dos departamentos xurídico-sociais. Esta proposta non ten custo para a universidade xa que será ocupada provisoriamente pola persoa que está ocupando a praza cuxa extinción se propón.

Ambas propostas están consensuadas coa xunta de PAS funcionario.

Intervén o señor Cebro (presidente da xunta do PAS funcionario) para agradecer ao equipo de goberno e en particular ao vicerreitor de investigación e ao xerente, a súa vontade para chegar a acordos coa xunta de persoal. Este acordo implica unha regularización dentro da RPT do que é o persoal funcionario e vai facilitar unha mobilidade entre as tres universidades sempre e cando se chegue a asinar un convenio entre as mesmas, así mesmo facilita a negociación ao equipo de goberno sobre unha nova RPT.

Agradece ao xerente estes anos que durou a súa xestión a pesar dos pequenos desencontros.

Apróbanse por asentimento ambas modificacións.

Punto 11.- Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polos seguintes alumnos: Dna. M^a del Mar Collazo Fernández, Dna. M^a del Mar Domínguez Martínez, D. Santiago Fernández Sánchez, Dna. Begoña García Dinís, Dna. Montserrat Gil Pequeira, D. Arturo González García, Dna. Nieves Lara Pintos, Dna. Beatriz Prieto Comesaña, Dna. Yolanda Rilo Arteaga, Dna. M^a Paz Salgado Blanco, Dna. M^a del Carmen Vázquez Fragueiro (alumnos da E.U. de Estudos Empresariais), e D. Marcos Vilar González (alumno da Facultade de Bioloxía).

O vicerreitor de innovación e calidade informa de que a COAP aprobou unha proposta para informar ao Consello de Goberno sobre os recursos que se presentan en relación coa denegación de admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular ante as xuntas de centro. (Anexo VI)

Como resultado de aplicar os criterios contidos na proposta aos recursos presentados sae a relación que se achega no Anexo VII, e na que figura como favorable ou desfavorable e polo que o recurso se estima ou desestima respectivamente.

O reitor indica que se o Consello de Goberno fai súa esta proposta de criterios sería a que se utilizaría a partir de agora para estimar ou desestimar os recursos deste tipo.

O profesor Membiela di que xa manifestou as súas reservas na COAP en relación coa fórmula a utilizar xa que non se contempla a distribución de notas dentro desa materia e desde unha perspectiva de valores absolutos hai casos nos que coa mesma cualificación (e valor numérico) nun caso estímase e noutro desestímase, polo que lle xorden dúbidas.

A señora Corbacho di que desde que se aprobou a normativa de permanencia e avaliación curricular hai centros que teñen dificultades en diferenciar entre admitir a trámite e conceder a avaliación, polo que lle parecería ben que os centros utilicen os mesmos criterios que vai utilizar a COAP. Está de acordo co profesor Membiela en que se debería ter en conta a distribución de notas dentro desa materia.

O vicerreitor di que estes serían uns criterios de mínimos que utiliza a COAP para elevar unha proposta a Consello de Goberno e soamente se aplica cando o alumno recorre, di que a proposta non está pechada pero non hai datos de cualificacións numerais de anos anteriores, polo que non é posible dispoñer dunha distribución de notas dentro desa materia.

O profesor Sánchez Bello di que este é un documento de traballo para a COAP pero segue sen traerse a este Consello de Goberno a modificación da normativa prometida hai máis dun ano. Quere coñecer cántos alumnos aprobaron por silencio administrativo.

O profesor Durany di que este é un documento para resolver reclamacións no Consello de Goberno de admisión a trámite, considera que tanto os centros como os alumnos deberían coñecelo.

O profesor Gude di que desde o seu departamento agradecería calquera medida xenérica sobre este tema. Ten queixas dos profesores do departamento para participar nas comisións.

O profesor Cid Fernández, opina que como norma para este Consello de Goberno pódese adoptar unha fórmula matemática pero a realidade nos centros é moito máis complexa. Considera que a participación dos profesores nas comisións é importante porque eles son os que imparten a docencia e os que mellor poden informar sobre o tema. Pide que dentro de cada centro se deixe utilizar os seus criterios aínda que está de acordo con que o Consello de Goberno utilice uns criterios para estimar ou desestimar as reclamacións.

Finalmente o reitor propón aprobar esa proposta da COAP a efectos de tomar decisións no Consello de Goberno sobre ese tipo de recursos e que os centros e os alumnos a coñezan.

Apróbase a proposta coa abstención do Director da E.U. de Estudos Empresarias, polo que se estiman os recursos presentados polos alumnos que figuran como favorable no Anexo VII e se desestiman os dos alumnos que figuran como desfavorable.

Punto 12.- Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de ciencias da educación de Ourense e do Regulamento de organización e funcionamento do Departamento de dereito público.

Apróbanse por asentimento.

Punto 13.- Aprobación, se procede, da proposta de Regulamento do arquivo universitario.

Apróbase por asentimento.

Punto 14.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre as universidades de Vigo, Complutense de Madrid, Barcelona, Extremadura e Pablo de Olavide para a creación dun centro de diagnóstico e modelización do clima – Convenio de cooperación entre as universidades de Extremadura, Oviedo, Santiago de Compostela e Vigo para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario – Convenio de cooperación entre a Universidade Federal do Paraná e a Universidade de Vigo.- Convenio de colaboración entre a Universidade Nacional de Misiones (Arxentina) e a Universidade de Vigo – Convenio específico de colaboración entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario.

Apróbanse por asentimento.

Punto 15.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (2 estudantes), Comisión de organización académica e profesorado (1 estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes) e Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI).

A secretaria xeral informa de que soamente hai presentada unha candidatura polo sector de estudantes para a Comisión de organización académica e profesorado, polo que sae elixido D. Xan Lago Teijeiro.

Quedan vacantes dous postos de estudantes nas comisións de investigación e de planificación e asuntos económicos e un posto de PDI na de extensión universitaria e estudantes.

Punto 16.- Elección de representantes no Consello social: 1 estudante.

Soamente hai un candidato para un posto a cubrir, polo que sae elixido D. Xan Lago Teijeiro.

Punto 17.- Rogos e preguntas.

A señora Hilda Iglesias solicita información sobre as actividades da fundación da Universidade de Vigo.

O vicerreitor de innovación e calidade di que o ano pasado foron incorporas á FUV as dúas oficinas subvencionadas pola Xunta: OFOE e OFIE. Este ano seguirá igual que o anterior.

O señor Óscar Méndez pregunta por qué non funciona o autobús circular do campus.

O xerente di que houbo un problema de falta de dotación de persoal pero xa tivo unha xuntanza co servizo de transportes e vaise repoñer o servizo.

A señora Corbacho roga ao vicerreitor de planificación que faga todo o posible para que todos os administradores de centro actúen xeito análogo en relación coa execución do presuposto das delegacións de alumnos.

O profesor Ramos pregunta polos problemas que existen nos servizos económicos dos centro xa que aínda non se pode executar nada relacionado cos proxectos do ministerio e pide que se axilice a incorporación dos mesmos.

O profesor Durany fai un rogo no mesmo sentido para que se incorporen o máis rapidamente posible os remanentes de investigación dos departamentos.

O vicerreitor de planificación e o xerente toman nota do rogo.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:00 horas do día 27 de xaneiro de 2005 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe